

ORDENANZA FISCAL Nº 5, REGULADORA DA TAXA POLOS DOCUMENTOS QUE EXPIDAN OU DA QUE ENTENDAN A ADMINISTRACION OU AS AUTORIDADES MUNICIPAIS.

FUNDAMENTO LEGAL.

Art. 1º.

De conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, establécese a taxa polos documentos que expidan ou de que entendan a Administración ou as autoridades municipais.

OBRIGACION DE CONTRIBUIR.

Art. 2º.

1. Feito imponible. Constitúe o feito imponible da taxa a actividade administrativa desenrolada con motivo da tramitación a instancia de parte, dos documentos que se expidan ou de que entendan a Administración ou as autoridades municipais.

2. Obriga de contribuír. A obriga de contribuír nace no momento de presentación da solicitude que inicie o expediente.

3. Suxeto pasivo. Están obrigados ó pago da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as Entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que soliciten, provoquen ou redunde en interés a tramitación do documento ou expediente.

BASE IMPONIBLE E COUTA TRIBUTARIA.

Art. 3º.

1. Constituirá a base da presente taxa, a natureza dos expedientes a tramitar e dos documentos a expedir.

2. A cuota tributaria determinarase por aplicación da seguinte TAREFA:

BASE IMPOÑIBLE E COTA TRIBUTARIA.

Art. 3º.

1. Constituirá a base da presente taxa, a natureza dos expedientes a tramitar e dos documentos a expedir.

2. A cota tributaria determinarase por aplicación da seguinte TAREFA:

Concepto	Cota en €.
Certificacións, excepto as de empadramento	3,00 €
Certificados de empadramento.....	2,00 €

Certificacións con informe.....	4,00 €
Compulsas de documentos.....	1,00 €
Licenzas de obras.....	6,00 €
Licenzas de apertura.....	30,00 €
Cédulas de cualificación urbanística.....	15,00 €
Fotocopias: euros/folio Din A4.....	0,08 €
Fotocopias: euros/folio Din A3.....	0,12 €
Fax: euros/folio.....	0,60 €
Dereitos exame.....	30,00 €

Documentos expedidos no Punto de Información Catastral(PIC)

- Certificación descriptiva e gráfica referida a unha unidade urbana ou parcela rústica.....16,00 €/documento.
- Expedición de documentos non protexidos do SIGPAC... 2,00 €

Bastanteo de poderes..... 3,00€

Copia de atestados da Policía Local 35,00€

Copia de Actas ou Acordos..... 3,00€, máis 0,08 €/folio.

Expediente de ruína..... 15,00€

EXENCIÓNS E BONIFICACIONES.

Art. 4º.

1. Estarán exentos do pago da taxa aqueles contribuíntes en que conorra algunha das circunstancias seguintes:

- a) Os declarados pobres por precepto legal.
- b) Estar incluídos no Padrón de Beneficencia.

2. Non se concederá bonificación algunha dos importes das cotas sinaladas nas tarefas.

ADMINISTRACION E COBRANZA.

Art. 5º.

1. O funcionario encargado do rexistro xeral de entrada e saída de documentos e comunicación da Administración municipal, levará conta e razón de tódalas partidas do selo municipal que se lle entreguen e efectuará o ingreso e liquidacións pertinentes

que o Concello acorde.

2. Os documentos que deban iniciar un expediente presentaranse nas oficinas municipais ou nas sinaladas no artigo 66 da Lei de Procedemento Administrativo.

3. As cotas satisfaranse mediante a estampación do selo municipal correspondente, nas oficinas municipais no momento da presentación dos documentos que inicien o expediente.

4. Os documentos recibidos a través das oficinas sinaladas no artigo 66 da Lei de Procedemento Administrativo, serán admitidos provisionalmente, pero non poderá dárseles curso sen o previo pago dos dereitos, para o que se requirirá ó interesado para que no prazo de dez días abone as cotas correspondentes, mediante a apartación dos selos municipais precisos, con apercibimento de que, transcorrido o citado prazo sen efectualo, teranse os escritos por non presentados e procederase ó seu arquivo.

5. Os selos serán utilizados polo funcionario que reciba a solicitude do documento mediante a estampación da data que o fixera.

Art. 6º.

Os dereitos por cada petición de busca de antecedentes devengarase anque sexa negativo o seu resultado.

Art. 7º.

As certificacións ou documentos que expida a Administración municipal, non se entregarán nin remitirán sen que previamente se satisfaga a correspondente cota tributaria.

INFRACCIONS E SANCIONS.

Art. 8º.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria, conforme se ordena no artigo 11 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais.

PARTIDAS FALLIDAS.

Art. 9º.

Considéranse partidas fallidas ou créditos incobrables, aquelas cotas que non puideron facerse efectivas polo procedemento de apremo, para o que se formalizara o oportuno expediente de acordo co previsto no vixente Regulamento Xeral de Recadación.

APROBACION E VIXENCIA.

DISPOSICION FINAL.

1. A presente Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e estará en vigor ata que se acorde a súa modificación ou

derrogación.

Dilixencia.- Para facer constar que a presente ordenanza contén as modificacións inicialmente aprobadas polo Pleno da Corporación de data 31 de xullo do 2015, quedando sometida a exposición pública nos termos previstos no Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, foi publicada definitivamente no B.O.P. nº 229 , de 6 de outubro do 2015.